



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2025/G003/000007

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Establecemento da xornada de 35 horas semanais de traballo efectivo de promedio en cómputo anual para o persoal municipal)

Dado que:

a) é preciso actualizar a regulación da xornada que realiza o persoal municipal co obxecto de adaptala a situación real de desenvolvemento que se ven producindo dende fai moitos anos. Situación derivada, entre outras cuestións, da regulación que existía no artigo 15 do Convenio Colectivo do persoal laboral (BOP núm.171, do 27-7-2004) e no artigo 15 do Acordo Regulador entre o Concello de Sada e o seu Persoal funcionario (DOG núm.41, do 27-2-2004). Regulación que no primeiro caso quedou fora de vixencia e no segundo fora declarada nula, anos atrás, pola sentenza de 16-3-2005 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditada no PO 240/2004. Paralelamente cómpre garantir o cumprimento da xornada polo persoal municipal para en consecuencia ofrecer uns servizos de calidade á veciñanza. Neste senso estase tramitando o sistema que permita realizar un control de presenza efectivo e eficiente do cumprimento da xornada que estea fixada do persoal municipal.

b) tramitouse un expediente para adaptar a xornada do persoal municipal ás 35 horas semanais de traballo efectivo de promedio en cómputo anual en substitución das 37,5 horas establecidas na actualidade.

Considerando:

1. A existencia de negociación ao respecto cos representantes do persoal laboral e funcionario do Concello de Sada desenvolta na Mesa Xeral de Negociación de data 1-3-2023.

2. O informe emitido no expediente o 5-12-2024 pola Intervención municipal ref.: 336/2024.

3. O disposto polo artigo 94 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL) establece que a xornada de traballo dos funcionarios da Administración Local será en cómputo anual a mesma que se fixe para os funcionarios da Administración Civil do Estado.

4. O contida da Resolución do 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan instrucións sobre xornada e horarios de traballo do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e os seus organismo público, dispón no seu apartado 3.1:

“La duración de la jornada general será de 37 horas y media semanales de trabajo efectivo de promedio en cómputo anual, equivalente a mil seiscientos cuarenta y dos horas anuales”.

5. O disposto pola Disposición final vixésima oitava da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, modificou os apartados Dous e Tres da disposición adicional centésima cuadraxésima cuarta da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, que quedaron redactados nos seguintes termos:

“(…) Dos. No obstante lo anterior, cada Administración Pública podrá establecer en sus calendarios laborales, previa negociación colectiva, otras jornadas ordinarias de trabajo distintas de la establecida con carácter general. Lo anterior no podrá afectar al cumplimiento por cada Administración del objetivo de que la temporalidad en el empleo público no supere el 8 % de las plazas de naturaleza estructural en cada uno de sus ámbitos.

De acuerdo con la normativa aplicable a las entidades locales, y en relación con lo previsto en este apartado, la regulación estatal de jornada y horario tendrá carácter supletorio en tanto que por dichas entidades se apruebe una regulación de su jornada y horario de trabajo, previo acuerdo de negociación colectiva(…).



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

6. Sobres datos do cadro de persoal municipal a data 8-1-2025 que proveñen da aprobación definitiva do orzamento do ano 2024 (BOP núm.85, 2-5-2024), ao non terse aprobado o orzamento 2025, resulta que dun total de 120 prazas de persoal reflectidas (total entre persoal laboral e persoal funcionario) 7 delas están cubertas por persoal temporal. Polo que pode concluírse que menos do 8% das prazas de carácter estrutural do Concello de Sada, entendidas como aquelas que integran o cadro de persoal municipal, están cubertas por persoal temporal. Polo que en consecuencia cúmprese o obxectivo establecido pola normativa para establecer unha xornada ordinaria menor á establecida para os funcionarios da Administración Civil do Estado

Ademais, cómpre ter en conta que polo Decreto da Alcaldía núm.2370/2024, do 30 de decembro, corrixido polo Decreto da Alcaldía núm.2371/2024, do 30 de decembro, resolveuse extinguir un dos contratos laborais temporais vencellado á praza de persoal funcionario denominada técnico de deportes e prevese resolver a formalización de contrato relativo a unha das prazas de persoal laboral de conserxe cubertas actualmente por persoal temporal e polo tanto extinguir o dito contrato. Ambas situacións incidirán na diminución da porcentaxe de cobertura por persoal temporal de prazas de carácter estrutural.

En base a todo o exposto e en virtude das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1.h) da LBRL,

RESOLVO:

1º. Establecer como xornada ordinaria para todo o persoal municipal a xornada de 35 horas semanais de traballo efectivo de promedio en cómputo anual, equivalente a mil cincocentas trinta e sete horas anuais (1537), con efectos do día 9 de xaneiro de 2025.

2º. As diferentes, áreas, servizos e departamentos adaptarán o seu horario actual á xornada aprobada.

3º. O desenvolvemento de horas extraordinarias e servizos extraordinarios fóra da xornada está sometida á autorización previa e só quedarán acreditados de cumprirse á xornada ordinaria e os demais requisitos normativos establecidos.

4º. Deixar sen efecto todas aquelas resolucións adoptadas polas que se fixan horarios para conciliar á vida laboral e familiar no caso de que contradigan a presente resolución, tendo que solicitarse novamente o reaxuste á nova xornada semanal.

5º. As resolucións polas que se reduciu a xornada de persoal municipal adaptarán a súa porcentaxe de redución sobre a xornada semanal de 35 horas e media semanais de traballo efectivo de promedio en cómputo anual, sen prexuízo de que o persoal afectado poida solicitar unha redución nunha porcentaxe equivalente ao número de horas semanais que realizaba ata o momento. Do mesmo xeito, o tempo de pausa do persoal cunha xornada diaria inferior á ordinaria, agás para empregados menores de idade, será proporcional a razón de 30 minutos por cada 7 horas.

6º. Dése traslado desta resolución a todo o persoal municipal a través da súa publicación no taboleiro da sede electrónica e taboleiro físico, ao Comité de Empresa e á Xunta de Persoal, e déase traslado dela a todas as concellarías delegadas.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e a secretaria, María del Carmen Seoane Bouzas.